

## LINGUA GALEGA

1.-Localiza un estranxeirismo en cada cartel e propón unha palabra galega para substituílo.

### TEATRO A PERLA

Ven ao show de maxia  
máis increíble  
de todos os tempos!

### EXCLUSIVA!

A revista Deporte entrevista  
o número un no ranking  
provincial de xadrez

### OFERTA!

Merca os jeans  
de moda a metade  
de prezo!

.....  
.....  
.....

2.- Pon o til diacrítico nas palabras que o precisen.

- Nos temos que marchar axiña, xa nos avisaron na casa.
- Dame a carteira que está enriba da mesa.
- Aínda non e inverno e xa vai moito frío.
- A miña irmá vive fora de Galicia, pero ven todos os anos pasar aquí as vacacións.
- Algunhas persoas so ven a palla no ollo alleo.
- Vos sempre queredes mais, mais eu xa non vos fago caso.
- Fixo un no no amalló do zapato.
- Se vas a praia, vai pola autoestrada; e moito mais cómoda ca estrada.
- Dixeronlle ao rapaz que baixase da pola da cerdeira, que tiñan moita presa.
- O meu coche consome mais co teu, teño que falar co mecánico.
- Merca unha bola de pan e unha lata de olivas sen oso.

3.- Analiza sintacticamente

As novas amigas de Carme parecen nórdicas.

Onte Rebeca comproulle bombóns a súa nai.

A chaqueta vermella de la é moi bonita.

A semana pasada a irmá de Martiño estaba enferma.

**4.- Relaciona as frases feitas co significado que lles corresponda:**

*botar lume polos ollos*

*a fume de carozo*

*canto de serea*

*ser de poucas palabras*

garatuxa para engaiolar a alguén

non falar moito

estar cheo (ou chea) de ira

a toda velocidade

**5.- Completa con b/ v:**

\_\_ernizar      aci\_\_ro      \_\_oda      a\_\_ogado      automó\_\_il

Mara\_\_illa      es\_\_elto      \_\_ulto      pa\_\_illón      a\_\_elá

Co\_\_arde      gara\_\_anzo      \_\_oitre      co\_\_arde      gra\_\_ación

**6.- Coloca os pronomes átonos no seu lugar.**

- Dixo que non o dera (lle).....
- Nin o dixen, nin o xurei (lles).....
- Iguais a ese hai en calquera sitio (os).....
- Desta forma ves mellor (as).....
- Trouxeron en tren (a).....
- Quixo recoller cedo (as).....
- (che) Non..... chegou.....a carta aínda?
- (cha).....mandei.....hai dez días.
- (te) Onte .....vin.....na festa.
- (llos) Os paquetes.....leveí.....hoxe pola mañá.
- (nolo) Cando.....dixeron.....non o podíamos crer.
- (me) O exercicio que .....mandaron.....facer é difícil.
- (volo) Quen.....dixo.....?
- (lles) .....dixen.....que hoxe non tiña tempo.
- (a) Velaquí .....tes.....